

Exposición de órganos impresos en 3D no Hospital Público de Monforte de Lemos

O Hospital Público de Monforte de Lemos acolle unha interesante exposición de órganos humanos realizados con impresoras 3D, elaborados polo alumnado do IES Francisco Daviña Rey. Esta mostra é froito dun proxecto educativo innovador que combina ciencia, tecnoloxía e creatividade, e que busca achegar o coñecemento anatómico tanto ao persoal sanitario como á cidadanía en xeral.

Os modelos expostos reproducen con gran precisión órganos como o corazón, os pulmóns, o figado ou os riles, e foron creados no IES Daviña utilizando ferramentas de deseño e tecnoloxías de impresión 3D.

A exposición non só pon en valor o talento e a dedicación do alumnado e profesorado do centro, senón que tamén reforza a colaboración entre institucións educativas e sanitarias, fomentando a divulgación científica e a aprendizaxe práctica.



DOAR ÓRGANOS

Un agasallo de vida

Imaxina que un só xesto pode cambiálo todo. A doazón de órganos non é só unha decisión médica, é un acto de solidariedade que pode salvar vidas.

Grazas á ciencia e á tecnoloxía, hoxe é posible crear órganos en 3D, mellorar os transplantes e axudar a quen precisa unha segunda oportunidade. A medicina avanza, pero aínda millóns de persoas agardan por un doante. E se algún día ti ou alguén que coñezas o necesitas?

Explora órganos en 3D e descubre a súa función no corpo humano. Escanea os códigos QR para ver vídeos sobre a doazón e os avances médicos. Reflexiona sobre o poder dun pequeno xesto que pode cambiar vidas.

A decisión está nas nosas mans. Atrévete a aprender máis e marcar a diferenza? Estás preparado para coñecer o futuro da medicina e salvar vidas?

XUNTA DE GALICIA

GOBERNO DE GALICIA



ÓRGANOS EN 3D

O futuro da doazón



S TRÁFICO

la supervivencia



Contrahemíctas
Marilena Van Zeller



Dominguez-Gil,
directora de la CNT: "El
tráfico de órganos es una
forma de explotación en este
siglo XXI"

AGASALLO PA

torias reais de



No lado da vida, hoxe
dunha decisión



Unha
avella impresa,
unha vida cambiada

XUNTA DE GALICIA





